

máis forza en Madrid !

www.bng-galiza.org



Información Embargada até as 20.30 H

IAGO TABARÉS LAMENTA QUE PP E PSOE VOLVAN ENZARZARSE EN IMPUTACIÓNS DE IRREGULARIDADES POLO VOTO EMIGRANTE PERO NON AMOSEN VONTADE PARA A SÚA REGULACIÓN

O candidato nacionalista lembra que a "innovadora" proposta da circunscrición para o exterior é algo que o nacionalismo xa dicía hai 90 anos

A Mezquita, 7 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, lamentou hoxe nun mitin en A Mezquita que, doutra volta, o PP e o PSOE estean enzarzados en imputacións recíprocas de irregularidades no voto do exterior, "sen amosar, en ningún caso, votande para modificar a súa regulación".

Neste sentido, Iago Tabarés afirmou que a única proposta "innovadora" que se está escoitando ao respecto nos últimos días "é algo que o nacionalismo xa dicía hai 90 anos, pero a curto prazo non hai ningunha intención real de mudar as cousas e cando houbo a oportunidade tanto o PP como o PSOE se opuxeron", lembrou.

Para o candidato nacionalista, por tanto, só a presenza do BNG en Madrid pode garantir a transparencia do voto no exterior, con procesos limpos, campañas reguladas e evitando que a xestión dos concellos se decida dende fóra dos mesmos.

Tabarés asegurou tamén que, ante as dinámicas que se están a producir nesta pre-campaña, entre rebaixas fiscais por un lado e reparto de beneficios de 400 euros por outro, "é o BNG quen ten que asumir a responsabilidade de situar os intereses de Galiza como eixo do proceso electoral".

Só o BNG, insistiu, está a pór enriba da mesa propostas "realistas e reais", que teñen a ver co incremento de investimentos para infraestructuras e para servizos sociais, que favorecen a dinamización económica, xeran emprego e garántenlle ao cidadán capacidade de aforro e benestar, máis alá das "posturas demagóxicas", das "propostas vacuas" do reparto de 400 euros ou dos "alarmismos irresponsabeis" do PP.

Iago Tabarés lembrou que a responsabilidade que está a asumir o BNG acrecéntase pola trascendencia que vai ter a próxima lexislatura para o futuro de Galiza, pois os próximos catro anos van ser moi importantes para a configuración do Estado plurinacional, está en xogo tamén a elaboración do novo Estatuto, a autonomía fiscal e financeira, que Galiza teña voz propia en Europa, etc, "asuntos todos eles que requiren que o BNG teña presenza no Congreso, para que así o País teña voz e capacidade de incidencia", concluiu.